

# PROTOCOLO DE ACOLLIDA 2024

## INTRODUCCIÓN

Este documento pretende ser unha ferramenta para que as persoas que vos achegades a Alvariza coñezades os pasos a seguir para integravos neste Proxecto de Vivenda Comunitaria e Colaborativa.

Pretendemos con el que coñezades máis en profundidade ás persoas que formamos parte desta alternativa de vida e así poder decidir se encaixades no proxecto.

Trátase dun documento vivo que contamos enriquecer co proceso que te convidamos a iniciar.

Polo tanto, revisarase no momento en que o vexamos necesario.

### **Primeiros pasos para calquera persoa que se achega a Alvariza:**

- 1.- Mandar un mail amosando o interese no proxecto.
- 2.- Resposta ao mail e 1º encontro presencial coas persoas da Comisión Acollida. Aí informamos de se quedan en lista de agarda ou se teñen oco. E recomendamos a lectura da filosofía do proxecto .
- 3.- Se toman a decisión de que seguen interesados: cumprimentar a “enquisa de entrada”.
- 4.- Para as persoas interesadas en entrar en Alvariza ofrecemos o seguinte:
  - As persoas menores de 55 anos entran en período de proba cunha duración mínima de 6 meses.
  - As persoas maiores de 55 anos entran en lista de agarda.
  - En ambos casos a participación nas actividades de Alvariza será con voz e sen voto.
  - Non poderán ser escollidas para desenvolver ningún cargo ou rol mentres permanezan en período de proba ou lista de agarda.
  - Así mesmo, entrarán na Asociación de Alvariza co correspondente pago do 50% da cota.
  - Informarlles de todas as actividades e Círculos ou grupos de traballo e deber de incorporarse a un Círculo. Nun principio, poderán elixir aquel no que crean que se van sentir mellor ou no que poden aportar máis, pero logo terán que ir rotando por todos os círculos (de 2 a 3 meses en cada un).
  - Ter unhas persoas de referencia en cada círculo, padriños/madriñas alvarizanos, para dúbidas, coidados, cafés, etc.
  - Cando se produza unha vacante nun tramo de idade a incorporación será automática para as persoas que estean activas na lista de agarda, sempre e cando tiveran unha avaliación positiva e teñan cumpridos os 6 meses de proba.
  - Primará a participación activa no proxecto e no traballo dos círculos ademais da avaliación positiva segundo os criterios establecidos.
  - De haber empate, terase en conta a orde de chegada.

## FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE ACOLLIDA

- ❖ Estará formada por unha persoa de cada círculo.
- ❖ Facer a 1ª entrevista presencial coas persoas interesadas onde contamos o noso proxecto e a noso xeito de organizarnos.
- ❖ Estar pendente no círculo de integrar e “coidar” ás persoas de nova incorporación, asegurarse de que lles chegan as informacións, aclarar dúbidas, velar polo seu benestar .....ser as persoas de referencia.
- ❖ Acordar as necesidades de formación: facilitarlles os documentos que consideremos interesantes e facer un encontro posterior para o intercambio de ideas.
- ❖ Solicitar a Espazocoop, cando o vexamos preciso, que nos acompañe neste proceso.
- ❖ Avaliación
- ❖ Elevar a proposta de incorporación ao Círculo de Coordinación para validala na Asemblea de Alvariza.

### 6.-Avaliación:

- Autoavaliación por parte da persoa que se achega.
- Avaliación por parte da comisión de acollida ( 1 membro por cada círculo)

### 7.- Incorporación de plenos dereitos e deberes.

- Proposta da Comisión de acollida (peche do proceso). Esta comisión elevará a proposta ao Círculo de Coordinación para levala á validación da Asemblea de Alvariza.
- Propoñemos unha entrada escalonada e distribuída nos distintos círculos.

### **Consideracións especiais:**

- ***Persoas que se achegan a nós para participar do proxecto, pero non están interesadas en vivir na cooperativa.***
- Pensamos que é interesante valorarlles o traballo gratuíto e que teñan un desconto por este motivo (50% da cota da asociación). Polo demais, participarían con normalidade con voz pero sen voto.